

III CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS

CEIP DO XURÉS

Introdución:

O CEIP do Xurés realiza o PDI COÑECEMOS LOBIOS en base á necesidade de dar a coñecer o patrimonio cultural, inmaterial e ambiental presente no concello de Lobios. Dito concello está integrado no Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés, forma parte do proxecto europeo con fondos Interreg Vila Termal, é lugar polo que discorre a Vía Nova (candidata a Patrimonio da Humanidade ante a UNESCO) e conta con unha larga tradición cultural pola singularidade da súa situación xeográfica (sur da provincia de Ourense, en contacto coas vilas arraiáns do país veciño Portugal).

Por todo o exposto anteriormente queda xustificada a necesidade de dar a coñecer esta contorna ao alumnado do centro educativo para así partir da contorna coñecida como medio vehicular á hora de lograr unha aprendizaxe constructivista baseada na experimentación, a experiencias lúdicas e o fomentar no alumnado actitudes investigativas dende as primeiras idades.

Este proxecto planifícase para ser traballado en cinco bloques (Parque Natural; Vía Nova; Termalismo; Que é lobios; Tradicións), polas cinco aulas do centro educativo dende o mes de xaneiro de 2016 ata o mes de xuño de 2016. Estes bloques estarán interconectados a través de actividades comúns e unha semana de intercambio de experiencias antes da actividade final (exposición na Sede do Parque Natural Baixa Limia-Serra do Xurés o día 3 de xuño).

A temporalización das actividades comúns para dar a coñecer a todo o alumnado participante os contidos dos diferentes Bloques é o seguinte:

Actividade	Datas
Motivación	15/01
Entroido	Dende 25/01 ata 05/02
Saída Puxedo	06/04
Fauna cos biólogos do Parque Natural	14/04
Charla Pedro Araújo	20/04
Día do Libro	22/04
Excursión pola Vía Nova	26/04
Visita Sede Parque Natural para coñecer a flora	10/05
Realizamos o cartel	20/05
Visita a Salgueiro	26/05 e 27/05
Semana de intercambio	Dende 23/05 ata 31/05
Exposición final	03/06

A relación do PDI cos contidos curriculares é a seguinte:

Obxectivo	Contido	Criterio avaliación	Estándar de aprendizaxe	Relación coas competencias clave						
				CMCT	CAA	CEC	CCL	CD	SIE	CSC
Desenvolver no alumnado un espírito crítico que posibilita a construción da propia aprendizaxe	-Proposta de planificación, xestión e presentación do proxecto "coñecemos Lobios"	- Realizar un traballo de investigación sobre Lobios que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información.	Fai conxecturas, predicións, organiza a información relevante a través da observación e da experimentación e da toma de conciencia da experimentación e sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información.	X	X		X	X		X
Iniciarse no traballo investigador e cooperativo	-O traballo en equipo	-Traballar en equipo e adotar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas	Participou en actividades individuais e de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario.	X	X			X	X	X
Valorar o patrimonio material, inmaterial e ambiental de Lobios	-A contorna física: observación das características principais deste Parque Natural. -Coñecemento e valoración das singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia	-Identificar os elementos principais da contorna partindo do máis próximo a través da observación e o uso das TIC.	Iniciouse na posta en valor do patrimonio material, inmaterial e ambiental de Lobios a través das Tic´s e outros soportes convencionais.	X	X	X	X	X		X
Iniciarse no coñecemento da Biodiversidade do Parque Natural e o seu coidado.	-A fauna: nome, alimentación, reprodución e desprazamento. -A flora: nome, tipo de planta atendendo ao talo e a folia. -Extensión: por onde transcorre o Parque Natural. -O Respecto polo Medio Ambiente.	-Coñece as características da fauna do Parque. -Coñece as características da flora do Parque. -Iniciouse na investigación da extensión do Parque. -Adquiriu unha actitude de respecto e coidado polo Medio Ambiente.	Iniciouse no coñecemento da Biodiversidade do Parque Natural e o seu coidado	X	X		X	X	X	X

Obxectivo	Contido	Criterio avaliación	Estándar de aprendizaxe	Relación coas competencias clave						
				CMCT	CAA	CEC	CCL	CD	SIE	CSC
Identificar e coñecer aspectos da Vía Nova e características da época romana	-A orixe de Roma. -A sociedade romana. -Alimentación. -Representacións artísticas. -Calzada romana e os seus elementos. -Arquitectura romana.	-Coñece e identifica as características da época romana. -Coñece aspectos relacionados coas calzadas romanas e a Vía Nova. -Coñece outras representacións arquitectónicas romanas.	Iniciouse na identificación e coñecemento dos aspectos da Vía Nova e características da época romana.	X	X	X	X	X	X	X
Recoñecer a importancia de Lobios como Vila termal	-A auga: estudo das súas características e propiedades da auga termal través da observación. -Investigación sobre as capas interiores da Terra. -Introdución ao alumnado na teoría da deriva continental e no fenómeno das fallas. -As augas termais en Lobios. -O consumo de auga mineral e as augas termais: hábitos que influen nunha vida saudable.	-Recoñece e valora a importancia da auga termal e o seu uso responsable na súa contorna máis próxima. -Recoñece e sinala algunhas características sobre as capas interiores da Terra. -Recoñece o fenómeno das fallas como responsable da creación da orografía terrestre. -Valora os aportes dos romanos no uso destas fontes termais. -Coñece e valora a relación entre o benestar e a práctica de determinados hábitos.	Iniciouse na posta en valor do patrimonio termal da vila de Lobios fomentando actitudes responsables coa contorna.	X	X		X	X	X	X
Coñecer a localización do concello de Lobios e as súas parroquias	-Localización das parroquias do concello. -Demografía de Lobios. -Situación xeográfica de Lobios con respecto a súa provincia e a súa comunidade autónoma. A organización do concello: eleccións, alcalde, concelleiros e funcións	-Localiza as parroquias dentro do concello. -Coñece datos de poboación masculina e feminina. -Identifica Lobios con respecto a súa provincia e comunidade autónoma. -Recoñece as diferentes funcións do goberno municipal e a elección do goberno municipal.	Iniciouse no coñecemento de Lobios e as súas parroquias atendendo á demografía, características e identidade propias.	X	X	X	X	X	X	X
Coñecer a valorar as tradicións da súa contorna	-A matanza -O proceso de elaboración do pan. -A festa da Carretada. -Xogos populares tradicionais. -A festa dos callos Limiaos	-Coñece o proceso da matanza. -Coñece o proceso de elaboración do pan. -Coñece e valora a festa da Carretada. -Valora a festa gastronómica dos callos Limiaos.	Iniciouse no coñecemento e posta en valor das tradicións da contorna de Lobios.	X	X	X	X	X	X	X

Competencia/ Obxectivo	Desenvolver no alumnado un espírito crítico que posibilite a construción da propia aprendizaxe	Iniciarse no traballo investigador e cooperativo	Valorar o patrimonio material, inmaterial e ambiental de Lobios	Iniciarse no coñecemento da Biodiversidade do Parque Natural e o seu coidado
CMCT	Habilidades para utilizar os coñecementos para explicar o Patrimonio da nosa localidade	Habilidades para investigar, procesar e discriminar información	Empregar a metodoloxía científica para explorar a contorna física que nos rodea	Os animais e a súa alimentación, reprodución e locomoción. As plantas e o tipo de planta atendendo ao seu talo e folia. Iniciarse no coidado de plantas.
CAA	Desenvolver a súa capacidade para iniciar a aprendizaxe e persistir nel, organizar as súas tarefas e tempo, e traballar de maneira individual ou colaborativa para conseguir un obxectivo.	A través do traballo individual e de equipo fomentase que o alumno sexa axente activo no seu proceso de aprendizaxe.	Co uso das TIC, a bibliografía axeitada, charlas de profesionais e conversas cos seus familiares os nenos e nenas identificarán os aspectos máis importantes da súa contorna	Aprender a recoñecer tipos de plantas pola súa folia ou talo.
CEC			Identificación e valoración do patrimonio existente en Lobios	
CCL	Explicar de forma oral e escrita os resultados máis salientables do noso proxecto usando a lingua galega.		Coñecer a nomenclatura de aparellos, tradicións, palabras, contos, xogos	Nome de animais en galego e inglés; nome de plantas. Nome dos concellos que forman parte do Parque Natural
CD	A través de Internet o alumnado terá que buscar información sobre a nosa entorna máis próxima.	O emprego das Tic's como recurso de busca de información	A través da plataforma youtube expoñeremos vídeos nos que se valore a importancia deste Parque Natural.	O emprego de internet para buscar información guiada. Youtube como elemento de acercamento de información.
SIE		Crearase un produto final baseado na creatividade e orixinalidade.		O coidado de plantas autónomo. A recollida de follas. Visitar diferentes lugares do Parque Natural para apreciar a súa biodiversidade e fermosura. Producción plástica de animais, coloreado dos mesmos...
CSC	O alumnado expresará os seus resultados máis salientables a través da plástica, da creación de debuxos e da elaboración de textos escritos.	O traballo en equipo e a cooperación para lograr os obxectivos propostos	Respecto polo patrimonio que nos rodea e posta en valor do mesmo a través da linguaxe oral	O respecto polos animais e plantas. O coidado dos animais e as plantas

Relación detallada dos obxectivos coas competencias.

Competencia/ Obxectivo	Identificar e coñecer aspectos da Vía Nova e características da época romana	Recoñecer a importancia de Lobios como Vila termal	Coñecer a localización do concello de Lobios e as súas parroquias	Coñecer a valorar as tradicións da súa contorna
CMCT	A numeración romana. Sociedade romana (xerarquía, vestimenta, alimentación...). Vía Nova (Miliarios, partes da calzada...). Arquitectura romana	A auga como elemento crucial no desenvolvemento da vida. Investigar sobre as capas interiores da Terra e a súa influencia no fenómeno termal. A teoría da deriva continental e as placas tectónicas. Características da auga mineral e os seus beneficios para o noso organismo	O emprego de gráficos para coñecer a demografía de Lobios. O relato e situación de parroquias. Situar Lobios no mapa da Provincia e na Comunidade Autónoma.	Toma de decisións baseadas en probas e argumentos á hora de xogar a xogos tradicionais. As medidas e os números ao expor os traballos en paneis, na elaboración da sopa de letras. A orientación nos xogos e na distribución dos contidos dos paneis
CAA	Traballo cooperativo e investigación sobre o mundo romano	Facer a Terra con plastilina para que o alumnado confeccione un globo terráqueo coas súas partes interiores, así como os continentes e océanos	Aprender a interpretar gráficos de poboación	Busca de estratexias para resolver tarefas empregando diferentes soportes, baseado no traballo en equipo e a cooperación.
CEC	O patrimonio romano de Lobios: Vía Nova, Aquis Originis, as termas. Respecto e valoración do mesmo		As parroquias e o seu patrimonio arquitectónico e oral a través da sabedoría popular dos seus habitantes.	Coñecer e valorar as tradicións de Lobios, os oficios tradicionais, os aparellos, adiviñas, ditos, arquitectura.
CCL	Vocabulario do mundo romano: alimentación, partes da calzada...	Paneis coa información obtida así como facer de profesores expoñendo nun vídeo as súas conclusións. Presentación oral e escrita algunhas características importantes das partes interiores da Terra e as características importantes das augas termais de Lobios	Nomenclatura das concellerías, parroquias e vías para chegar a Lobios.	A nomenclatura de diferentes oficios, aparellos, xogos... A exposición de recompilación de información a través das fontes orais (familias, artesáns...)
CD	O emprego das TIC's como fonte de busca de información e medio para visionar información e documentación sobre os romanos	Usando a plataforma Youtube e fontes baseadas na Internet o alumnado recoñecerá o fenómeno das fallas como responsable da creación da orografía terrestre	O emprego das TIC's para buscar datos sobre habitantes, situación, número de parroquias do concello de Lobios	O emprego de Internet como recurso para investigar sobre as tradicións e a busca de información
SIE	Busca de restos romanos e localización da calzada coas familias. Producción plástica da calzada romana, miliario, vestimentas...	Creacións con plastilina de produtos que expliquen o fenómeno das fallas e, a través de debuxos diferenciarán un volcán, dunha montaña e dun géiser doutra fonte termal	Representación dunhas eleccións e que iniciativas se propoñen para levar a cabo no concello de Lobios	A capacidade de análise, planificación e organización da información. O emprego da imaxinación e a creatividade á hora de realizar as producións plásticas
CSC	Respecto e coidado polo patrimonio romano (Vía Nova, Aquis Originis e termas). Valorar a importancia da Vía Nova como candidata a patrimonio da humanidade	A través de debuxos e texto escrito o alumnado valorará o patrimonio termal desta zona e o consumo responsable de auga mineral e termal	A organización do concello como ferramenta para dar servizos aos veciños de Lobios. O respecto por todos os habitantes de Lobios independentemente da súa idade ou sexo	Respecto e valoración das tradicións de Lobios: xogos, ditos, refráns, festexos, oficios. Interese por coñecer e participar neles como por exemplo, facendo o pan ou a malla

Relación detallada dos obxectivos coas competencias.

As competencias clave que se abordan nas táboas anteriores reflíctense coas iniciais das mesmas que a continuación se explican:

CMCT: Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CAA: Competencia para aprender a aprender.

CEC: Conciencia e expresións culturais.

CCL: Competencia en comunicación lingüística.

CD: Competencia dixital.

SIE: Sentido da iniciativa e espírito emprendedor


CSC: Competencias sociais e cívicas.

O profesorado que participa no PDI Coñecemos Lobios está composto pola totalidade do profesorado do centro, sete en total. Tanto os titores como o profesorado especialista, que serve de apoio fundamental no desenvolvemento do proxecto, participa capitaneado pola biblioteca do centro educativo.

A organización para levar a cabo dito proxecto é a seguinte: Dende a biblioteca escolar presentase a idea, que é asumida polos titores a través dos bloques temáticos a desenvolver. Coas actividades en común realízanse intercambios de información e coñecementos entre todo o alumnado dos diferentes Bloques, o que así xera actitudes de cooperación, aprendizaxes entre iguais e fomenta a interacción e a sociabilización precisas entre o alumnado que habita nunha dispersión xeográfica moi restritiva para o fomento de interaccións. A través da táboa exposta anteriormente sobre as actividades comúns relátase a temporalización común do proxecto e mais adiante indícanse actividades de investigación levadas a cabo polos diferentes grupos de alumnado nos diferentes Bloques para fomentar actitudes investigadoras e así por a súa disposición a información para intercambiar nas actividades comúns e así se produza un feedback en ditas sesións.

b. Obxecto ou temática propostos

A temática que se propón é a relatada anteriormente a prol de favorecer o patrimonio material, inmaterial e ambiental da contorna do concello de Lobios. Por elo divídese o Proxecto en cinco grandes bloques capitaneados por un grupo-clase para propiciar o feedback nas actividades grupais e así propiciar a autoaprendizaxe cooperativa entre todo o alumnado.



c. Descrición do proceso de deseño e elaboración da proposta (táboa anterior aquí?)

O PDI deseñase para ser desenvolto durante o primeiro semestre do ano 2016 (de xaneiro ata o día 3 de xuño). O PDI desenvólvese en torno a grandes cinco Bloques anteriormente expostos. Tal e como se relatou, están capitaneados por un grupo-clase, que se configuran da seguinte maneira:

Parque Natural- Ed.Infantil; Vía Nova- 1º Primaria; Que é Lobios- 2º Primaria; Termalismo- 3º/4º Primaria; Tradicións- 5º/6º Primaria

Tal e como se expuxo anteriormente as actividades en común desenvolven o feedback para que todo o alumnado xere un coñecemento sobre os diferentes bloques. Ademais a través de estas actividades comúns e as propias actividades que se fan cada grupo-clase sobre o seu Bloque, propician as actitudes investigativas e unha serie de habilidades que favorecen a autoprendizaxe e actitudes cooperativas.

A elaboración e posta en marcha do Proxecto parte da sesión de motivación na que participa o centro a través dunha gran asemblea de biblioteca na que se definen os bloques de traballo, o que se quere aprender en cada bloque, cómo, os medios para lograr dita aprendizaxe e o resultado final de todo este proceso que é a exposición na sede do Parque Natural Biixa Limia-Serra do Xurés.

d. Documentación elaborada para profesorado e alumnado

Dende a biblioteca elaborouse a seguinte documentación:

Profesorado: dende a biblioteca realizouse unha relación de enlaces web para que o profesorado tivese acceso a información sobre cada bloque de contidos no que ía a traballar e así poder guiar ao alumnado no proceso de busca de información. Ademais tamén se lle proporcionou ao profesorado unha serie de libros nos que recoller información sobre os diferentes bloques temáticos. Estas direccións web e libros aparecen recollidos na táboa do apartado: f. Recursos empregados e relación detallada das principais fontes consultadas, que figura no transcurso da presente memoria.

Alumnado: Para o alumnado dende a biblioteca deuse o seguinte material:

- Fichas sobre os diferentes bloques: animais e plantas, sobre monumentos romanos, sobre a auga, tradicións, xogos populares, parroquias, partes do porco...
- Direccións de busca web para o alumnado de idades máis temperás (Infantil, 1º e 2º); coas que realizaron unha busca guiada.
- Proporcionóuselle libros de busca de información aos máis pequenos (1º, 2º e 3º) e déuselle nomes de “materias” relacionadas cos diferentes bloques do proxecto ao alumnado de maior idade para que buscasen na biblioteca.

e. Relación de tarefas mais importantes realizadas ao longo do proxecto

ACTIVIDADES COMÚNS
Motivación
Entroido
Saída Puxedo
Fauna cos biólogos do Parque Natural
Charla Pedro Araújo
Día do Libro
Visita Sede Parque Natural para coñecer a flora
Realizamos o cartel
Visita a Salgueiro
Semana de intercambio
Exposición final

Ademais de estas actividades comúns, tal e como se leva relatado, realizáronse outras actividades investigativas para fomentar o coñecemento e o feedback entre o alumnado nas actividades comúns. Estas actividades realizadas poden consultarse nos seguintes espazos web: <http://conocemoslobios.blogspot.com.es/>

f. Recursos empregados e relación detallada das principais fontes consultadas

O principal recurso empregado foi a biblioteca do centro educativo, que serviu de eixo para a busca de información e desenvolvemento de experiencias, debido a gran cantidade de libros de consulta, ordenadores para busca de información guiada nos máis pequenos e autónoma no alumnado dos últimos curso de Educación Primaria, ademais de cun encerado dixital para proxectar todo tipo de contidos relacionados co Proxecto.

Tamén se empregaron outros recursos como o material para xogos tradicionais (pedras para o marqués; picas e pelotas de madeira para a porca; aros; a chave; zancos, bolos, Buxainas), un carro para poder manipular as súas partes e coñecerlas, apeiros de labranza como o mallo.....para poder manipular, visitar un muíño para coñecer o seu funcionamento, material para realizar as experiencias plásticas e manipulativas (como por exemplo realizar un miliario, facer animais de gusanitos de cores, maquetas). Empregáronse as Novas Tecnoloxías facendo vídeos coa técnica de Stop Motion (vídeo dos animais e vídeo sobre a Vía Nova recollidos no blog).

Ademais tamén se empregaron fontes orais, escritas e fontes a través dos recursos tics, que a continuación se relatan:

Orais	Escritas	TIC'S (url nas específicas)
Pedro Araujo (doutor da uvigo): termalismo	<i>Cociñando na raia</i> , Domingo González Lorenzo	www.youtube.com : busca de diferentes vídeos sobre os diferentes bloques temáticos
Albero Toupa (biólogo): fauna e flora	<i>Enciclopedia galega universal</i> , Ed: Ir Indo	www.wikipedia.org : empregada nos diferentes bloques temáticos para buscar información
Antonio González (avó alumno): partes do carro	<i>Montañas</i> , Hynes, M. Bahía Edicións, 2007	Paxina reserva biosfera
Aldeáns de Puxedo: malla e pan	<i>Planeta Terra</i> , Chanceller, D. Bahía Edicións, 2007	www.ocasarios.es
Jesús (habitante de Puxedo): partes do muiño	<i>Mi primera enciclopedia con WinnieThePooh y sus amigos</i> . Editorial Evergráficas, S.L., 2004	www.lobios.org
Ángela (AL do centro): a fornada	<i>Proxecto Calzadas Romanas</i> , Editorial Edelvives	www.cocineando.com
Familias e veciños: refráns, ditos		www.rios-galegos.com
		www.motivosdaldea.wordpress.com
		www.youtube.com/watch?v=2B1dqs2eJ34
		www.youtube.com/watch?v=a_oIP0pVzAU
		www.youtube.com/watch?v=vXHYwFf5R18
		www.youtube.com/watch?v=7rJNtqnWcg
		www.youtube.com/watch?v=cv4UM5T0eY4
		www.youtube.com/watch?v=JzU6PEoWAZQ
		www.reservabiosferageresxures.com/Biblioteca/folleto rutas.pdf
		www.artenoafonsex.blogspot.com.es
		www.es.slideshare.net
		www.fundacionaqvianova.com
		www.limiaverde.com
		www.viatorimperio.com
		www.turismo.gal/datos-de-interese-baixa-limia-serra-doxures?langId=es_ES

g. Implicación da comunidade educativa.

A implicación da comunidade educativa está presente en todo momento, dende o profesorado que non é titor e participa activamente cooperando en tódalas actividades que se levan adiante no proxecto, tanto comúns como as realizadas entre ditas actividades comúns polos diferentes Bloques. Esta implicación está presente dende a axuda de planificación de actividades para guiar a iniciación da aprendizaxe a través da investigación polos máis pequenos do centro, cooperar na elaboración de material plástico, planificación de actividades comúns, cooperación en actividades dos diferentes bloques...

A implicación das familias está presente tamén en todo momento no PDI. Esta implicación plásmase no asesoramento sobre a flora (pai axente forestal); charlas sobre termalismo (nai que traballa nun balneario); charla/exposición sobre o carro (avó

que ten un carro e o monta e desmonta para ensinar partes do mesmo); recollida de especies de plantas; visita a lugares da Vía Nova e do Parque Natural; participación nun almorzo romano...

Por último tamén se debe destacar a implicación do alumando que foi total compaxinando este novo método de aprendizaxe a través do proxecto cos contidos propios do seu curso académico. O alumando mostrou sempre unha actitude proactiva, investigadora, involucrándose en tódalas tarefas e actividades.

h. Difusión dos traballos entre a comunidade educativa.

O proxecto COÑECEMOS LOBIOS tivo unha gran difusión a través de:

Xornais: La Región, <https://www.facebook.com/1024500654234997/photos/pb.1024500654234997.-2207520000.1463227681/1160225883995806/?type=3&theater>

Suplemento Xornal Escolar: recolle que no cole se traballa nun proxecto sobre Lobios e recolle a exposición final. <http://www.laregion.es/articulo/xornal-escolar/conecemos-lobios/20160616141109628881.html>

Internet: Blog de Coñecemos Lobios (no portal blogspot) (mais de 1600 visitas)

Televisión: Na canle local Telemiño realízase unha entrevista ao colexio que xira arredor do proxecto que se leva a cabo no centro. <http://www.teleminho.com/video/xornal-escolar/xornal-ceip-do-xures-23-04-16/20160425081635021199.html> <http://www.teleminho.com/video/xornal-escolar/xornal-ceip-do-xures-b-23-04-16/20160425081615021198.html>

Tamén na exposición da Sede do Parque se obtivo unha gran difusión invitando aos colexios da contorna, negocios locais de Lobios, familias de todo o alumando e autoridades educativas e do concello de Lobios.




i. Avaliación realizada en relación cos criterios de avaliación e as competencias clave. Procedementos empregados.

A avaliación realízase en tres momentos claramente diferenciados: ao comezo, durante o proceso e ao final do proxecto, involucrando a toda a comunidade educativa

O procedemento que se segue para avaliar é o seguinte: partimos do que sabemos na sesión de motivación do proxecto para a partir do que xa coñecemos construír o resto de experiencias que nos leven a unha aprendizaxe significativa e investigativa.

A partir desta avaliación inicial recollida na gran asemblea realizada na biblioteca xira todo o proxecto. Durante o desenvolvemento do mesmo realizamos observación directa do proceso que nos permite coñecer as aprendizaxes que o alumnado adquire así como potenciar e reforzar aqueles contidos competenciales que se consideren.

Finalmente realízase unha Rubrica en base aos criterios de avaliación en base as competencias clave para que o alumnado realice a súa autoavaliación.

CRITERIO	PUNTUACIÓN		
Desenvolver no alumnado un espírito crítico que posibilite a construción da propia aprendizaxe			
Iniciarse no traballo investigador e cooperativo			
Valorar o patrimonio material, inmaterial e ambiental de Lobios			
Iniciarse no coñecemento da Biodiversidade do Parque Natural			
Identificar e coñecer aspectos da vía nova e características da época romana			
Recoñecer a importancia de Lobios como Vila termal			
Coñecer a localización do concello de Lobios e as súas parroquias			
Coñecer a valorar as tradicións da súa contorna			


A rubrica presenta tres caras de cores (verde, amarela e vermella). O significado de estas caras que o alumnado debe rodear é o seguinte:

Verde: criterio conseguido

Amarelo: Criterio en vías de conseguir

Vermella: criterio non conseguido.

Ademais tamén se realiza unha segunda Rubrica para cubrir entre o profesorado e as familias para coñecer qué cambiaríamos do proxecto, do proceso do mesmo, dende o punto de vista das familias e o profesorado.

CRITERIO	PUNTUACIÓN		
Os obxectivos e contidos foron axeitados e adaptados á idade do alumnado			
A implicación das familias e profesorado foi a axeitada			
A coordinación do profesorado para a realización das actividades foi a axeitada			
O proxecto serviu como unha experiencia para que o alumnado acceda a novas estratexias de coñecemento			

Os resultados trala avaliación son moi positivos quedando posto de manifesto o motivador que resultou traballar neste proxecto para o alumnado e tamén reflectindo a boa acollida que tivo esta experiencia entre o profesorado e as familias.

j. Función e participación da biblioteca escolar en todo o proceso.

A biblioteca escolar exerceu de eixo vertebrador en todo momento. Dende a biblioteca realizouse a motivación na gran asemblea para definir qué sabemos; qué queremos aprender sobre o proxecto; cómo o vamos aprender; materiais e fontes a consultar; como lograr a aprendizaxe; qué produto obtemos.

Dende a biblioteca propuxéronse posibles charlas sobre as temáticas dos diferentes bloques : charla sobre o pan, charla sobre termalismo con Pedro Araújo, charlas cos biólogos do Parque Natural, charlas con aldeáns como os da vila de Puxedo.

Tamén dende a biblioteca se organizaron actividades conxuntas: sesión de motivación, temática do Entroido, día do libro con temática do proxecto, panel do título....

Ademais a biblioteca serviu como fonte de recursos tic's e busca de fontes escritas e tic's a través do emprego de libros de consulta e da busca de información a través de Internet sobre as temáticas do proxecto en base ás url's anteriormente citadas e das materias de busca proporcionadas ao alumando e material de consulta para profesorado. Tamén iniciou ao profesorado na técnica de Stop Motion para o profesorado que realizou os vídeos sobre os animais e a Vía Nova. Atendendo ás novas tecnoloxías dende a biblioteca tamén se propuxo un vídeo sobre o día de exposición na Sede do Parque Natural e serviu como un espazo de almacenaxe de tódalas fotografías que se realizaron durante o semestre para poder visionalas co alumando e que todo o profesorado tivese acceso a elas.

Por último a biblioteca escolar serviu como medio de asesoramento ao profesorado ante as dúbidas de cómo traballar por proxectos e como guía para que tódolos proxectos tivesen nexo de unión e así todo o alumnado puidese acceder ao seu coñecemento e participación. Para lograr este nexo tomáronse varias medidas dende dita biblioteca, como por exemplo, asesoramento na profundización de contidos para lograr que fosen accesibles tanto para o alumnado de Infantil como para o alumnado de toda a etapa de Educación Primaria; propor actividades comúns para aproveitar para realizar o feedback entre tódolos participantes dos distintos proxectos; propor realizar asembleas nas actividades comúns para que todos os participantes interiorizasen coñecementos e puxesen en valor as aprendizaxes adquiridas.